



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O "PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 27 DE XUÑO DE 2022 POLA QUE SE CREA A REDE ENTRE O SECTOR PESQUEIRO E ORGANISMOS CIENTÍFICOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA"

Visto o "Proxecto de orde pola que se modifica a Orde do 27 de xuño de 2022 pola que se crea a rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos na Comunidade Autónoma de Galicia ", en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME:

I. FUNDAMENTACIÓN CONSTITUCIONAL, ESTATUTARIA E LEGAL

O artigo 148.1.11 da Constitución establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en "materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura". Por outra parte, o artigo 149.1.19 outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre "a pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se atribúan ás Comunidades Autónomas".

Sobre a base de tal fundamento constitucional, o Estatuto de Autonomía para Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre "a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura" (artigo 27.15), e sobre "as confrarías de pescadores" (artigo 27.29); así como o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado da materia " ordenación do sector pesqueiro" (artigo 28.5).





De acordo con este marco competencial, promulgouse a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, que persegue como fins, entre outros dos establecidos no seu artigo 2, potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación na pesca, no marisqueo e na acuicultura, así como fomentar a cooperación entre os científicos e o sector. Tamén o artigo 115 sinala que a consellería competente en materia de pesca promoverá e adoptará medidas para fomentar e realizar investigacións científicas e desenvolver tecnoloxías axeitadas no apoio da conservación e a ordenación dos recursos, mariños vivos, nos diferentes ámbitos de explotación e comercialización, mediante, entre outras actuacións, a promoción da cooperación entre as administracións públicas e os axentes económicos e sociais, nomeadamente as entidades asociativas do sector, e os centros de investigación.

Conforme o sinalado, mediante a Orde do 27 de xuño de 2022 creouse a Rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a Administración pesqueira de Galicia, disposición que se pretende modificar mediante o presente proxecto normativo.

II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Tal como sinala a memoria xustificativa, a creación da Rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos na Comunidade Autónoma de Galicia levouse a cabo ao amparo do Fondo Europeo vixente nese momento, o Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, aplicable a programas e operacións do período de programación 2014-2020.





O 13 de xullo de 2021 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea o Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, entrando en vigor ao día seguinte e sendo o Fondo Europeo aplicable aos programas e operacións levadas a cabo no período 2021-2027.

O dito Regulamento (UE) 2021/1139 destaca, entre as prioridades en materia de protección e conservación do medio mariño, a implicación de actores importantes como pescadores, ONGs, organismos científicos e outras entidades públicas e privadas e, en relación á sostibilidade ambiental, se identifica como necesidade, a partir da análise DAFO e tendo en conta os elementos establecidos no artigo 8.5 do Regulamento do FEMPA, a participación do sector pesqueiro, científicos e organizacións ambientais, na xestión dos recursos pesqueiros.

Cabe mencionar que o Programa Operativo español recolle como actividade prevista no obxectivo específico 1.6 as operacións destinadas á protección e conservación do medio mariño, e menciona como beneficiarios, entre outros, ás agrupacións formadas por diferentes partes nas que a lo menos un deles é un operador do sector pesqueiro, un organismo científico-técnico ou unha entidade sen ánimo de lucro.

En base ao exposto, resulta necesario adaptar a Orde do 27 de xuño de 2022 pola que se crea a Rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia á nova normativa relativa ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), mediante a modificación do artigo 5 da Orde do 27 de xuño de 2022, referido ás funcións da Presidencia, na súa letra a).

Por outra banda, sinala tamén a memoria xustificativa a necesidade de incluír como vogal na Rede, tendo en conta a súa finalidade e obxectivos, ao Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación CETMAR), o que esixe modificar o número 1 do artigo 4, referido a súa composición.





III. ESTRUCTURA E CONTIDO

Respecto á súa estrutura e contido, o proxecto consta dun preámbulo, no que se resaltan os obxectivos e finalidade pretendidos pola disposición normativa, e un artigo único, que identifica a orde modificada. Por afectar a varios preceptos, o artigo único divídese en dous números: o número un, que modifica a letra d) do punto 1 do artigo 4, e o número dous, que modifica a letra a) do artigo 5. Completa o texto unha disposición derradeira, referida a súa publicación e entrada en vigor.

IV. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS

A elaboración do presente proxecto levouse a cabo pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, centro directivo a quen lle corresponde, entre outras, as competencias relacionadas co fomento da organización sectorial e a investigación mariña, de conformidade co disposto no artigo 12 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Consta no expediente a memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade; a memoria económico-financieira e o informe do Servizo de Técnico-Xurídico.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse polo conselleiro do Mar como proxecto de orde, publicándose na páxina web do portal de Transparencia e Goberno aberto, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, durante o período comprendido entre o 8 de xullo e 31 de xullo de 2024, tal como consta no certificado da





Dirección da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 2 de setembro de 2024.

Formularon suxestións ao texto o Consello Regulador do Mexillón de Galicia e a asociación "Mulleres Salgadas-asociación galega de mulleres do mar", que foron rexeitadas conforme o indicado na memoria de tramitación elaborada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro do 5 de setembro de 2024.

Con data 22 de xullo de 2024, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade informou que o proxecto normativo resulta acorde coa normativa en materia de igualdade por razón de xénero.

O proxecto tamén foi informado favorablemente pola Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública o 21 de agosto de 2024, ao ter encaixe nos escenarios orzamentarios.

Con data 9 de setembro de 2024, o proxecto foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica ao consideralo conforme ao ordenamento xurídico.

Visto o anterior, de acordo cos principios de boa regulación establecidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en particular, cos de necesidade, proporcionalidade e eficacia, esta norma contén a regulación imprescindible para atender a súa finalidade. Igualmente, en virtude do principio de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico e, en cumprimento do principio de transparencia, identifícanse con claridade nela os obxectivos perseguidos. Ademais, durante a súa tramitación promoveuse a participación da cidadanía, directamente e a través das organizacións





interesadas, mediante os trámites de audiencia e publicación no portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

En consecuencia, tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de orde.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A secretaria xeral técnica

